

BANDO INFORMATIVO PESCA FLUVIAL NO CONCELLO DE VIANA DO BOLO

En relación á Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (CECOP), do 5 de maio de 2020, esta Alcaldía,

INFORMA

PRIMEIRO. O CECOP ven de acordar, a proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que na Comunidade Autónoma de Galicia queda **restablecida a actividade de pesca fluvial en calqueira das súas modalidades, federada e non federada.**

SEGUNDO. O exercicio da pesca fluvial deberá levarse a cabo de acordo coas condicións sinaladas nas Ordes do Ministerio de Sanidade 380/2020, do 30 de abril, e 388/2020, do 3 de maio.

TERCEIRO. No caso dos pescadores non federados, poderán practicar a pesca fluvial as **persoas maiores de 14 anos, 1 vez ó día** en horario de **06:00 a 23:00 horas** e sempre de maneira **individual**, mantendo unha **distancia interpersoal de 2 metros**. En todo caso deberá contarse con **licencia de pesca fluvial** (e permiso de pesca, se corresponde).

CUARTO. A práctica da pesca fluvial pode levarse a cabo **dentro do ámbito territorial do Concello de Viana do Bolo**, mais, ó igual que co resto de deportes, está estrictamente **prohibido o uso de vehículo motorizado para desprazarse ó lugar de pesca.**

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 6 de maio de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.